



NOTA INFORMATIVA PARA O CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS DE BINGO DENDE O 01/01/2014.

Como consecuencia da modificación do réxime tributario do xogo do bingo pola lei de orzamentos para o 2014, que entro en vigor o 01/01/2014 e a orde do 27 de xaneiro de 2014 en vigor dende o 1 de febreiro de 2014, os titulares das salas de bingo viranse afectados do xeito seguinte:

1. SUBMINISTRO DE CARTÓNS DE BINGO

O subministro non sufriu cambio algún. Os cartóns solicítanse do xeito que o viñan facendo ata o fin do ano 2013. A única diferenza co sistema anterior na OVT é que a solicitude e o subministro son independentes do pagamento da taxa

2. DECLARACIÓN INFORMATIVA DO REMANENTE DE CARTÓNS

Os titulares das salas de bingo deberán presentar unha declaración do remanente dos cartóns a 01/01/2014.

Contido da declaración:

- Identificación da serie e nº de cartóns por cada valor facial dos cartóns subministrados ata o 31/12/2013 incluído, que quedaran para o xogo do bingo antes do comezo da 1ª sesión do ano 2014.

Prazo:

- Un mes dende a entrada en vigor da orde

Lugar de presentación:

- Rexistros da ATRIGA.
- Rexistros da XUNTA de GALICIA
- Calquera dos lugares de presentación art. 38 Lei 30/1992.

Dirixido a:

- DEPARTAMENTO DE TRIBUTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA. AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA



3. UTILIZACIÓN DO REMANENTE DOS CARTÓNS SUBMINISTRADOS ata o 31/12/2013

Deberán poñerse á venda nas salas de bingo para o seu uso no xogo con carácter prioritario aos cartóns que sexan subministrados dende o 01/01/2014, por cada valor facial:

Orde de utilización:

- Cartóns subministrados ata o 31/12/2013 incluído, en primeiro lugar;
- Cartóns subministrados dende o 01/01/2014: só poderán ser vendidos, por cada valor facial, de non quedar cartóns do remanente.

4. DECLARACIÓN INFORMATIVA DE ESGOTAMENTO DO REMANENTE

Unha vez esgotado o remanente de cartóns, por cada valor facial, os titulares das salas comunicarán á ATRIGA a data na que se produciu o dito esgotamento.

Contido da declaración:

- Cartóns de valor facial xx: data de esgotamento.
- Prazo: 5 días hábiles a contar dende a data na que se produciu o esgotamento

Lugar de presentación:

- Rexistros da ATRIGA.
- Rexistros da XUNTA de GALICIA

Calquera dos lugares de presentación art. 38 Lei 30/1992.

Dirixido a:

-DEPARTAMENTO DE TRIBUTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA. AXENCIA
TRIBUTARIA DE GALICIA

5. PAGAMENTO DA TAXA FISCAL:

Unha vez esgotado o remanente, as salas de bingo deberán tributar polos



cartóns subministrados dende o 01/01/2014.

FORMAS DE TRIBUTACIÓN

1. Estimación obxectiva, salvo que procedera a estimación directa.
2. Estimación directa, sempre que a sala de bingo conte cun sistema informático homologado

ESTIMACIÓN OBXECTIVA DA BASE IMPOÑIBLE:

- No primeiro período de tributación: número de cartóns de valor facial que correspondera, subministrado dende o 1 de xaneiro de 2014 ata a fin do mes no que se producira o esgotamento dos cartóns $*(1 - \% \text{ de devolución en premios vixente o primeiro día do mes no que se produza o esgotamento})$.
- Nos seguintes: nº de cartóns subministrados no mes inmediato anterior $* (1 - \% \text{ de devolución en premios vixente o primeiro día do mes})$.

ESTIMACIÓN DIRECTA DA BASE IMPOÑIBLE:

- No primeiro período: nº de cartóns de cada valor facial que corresponda aos subministrados dende o 01/01/2014 xogados no mes menos premios pagados no mes.
- Nos seguintes: nº de cartóns xogados no mes anterior menos premios pagados no dito mes.

PAGAMENTO E PRESENTACIÓN:

A través da OVT. O sistema será semellante ao anterior

A única diferenza é que é independente da solicitude e subministro de cartóns.

PRAZO:

Nos 20 primeiros días naturais de marzo de 2014 liquidaranse os meses de xaneiro e febreiro.

As liquidacións dos seguintes meses serán nos primeiros 20 días naturais de cada mes



(A partir do mes de esgotamento do remanente por cada valor facial)

6. Finalizado o ano 2014, se quedaran remanentes de cartóns subministrados antes do 01/01/2014 de calquera valor facial, deberán decláralos ante a ATRIGA.

Nesta declaración identificarase, por cada valor facial, cada serie e o número de cartóns que dispoñen de cada unha delas.

Contido da declaración:

- Identificación da serie e nº de cartóns por cada valor facial dos cartóns subministrados ata o 31/12/2013 incluído, que quedaran para o xogo do bingo antes do comezo da 1ª sesión do ano 2014.

Prazo:

- 20 primeiros días naturais do mes de xaneiro

Lugar de presentación:

- Rexistros da ATRIGA.
- Rexistros da XUNTA de GALICIA
- Calquera dos lugares de presentación art. 38 Lei 30/1992.

Dirixido a:

- DEPARTAMENTO DE TRIBUTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA. AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

7. Cando se esgoten os remanentes, os suxeitos pasivos deberán comunicar este feito ante a ATRIGA por cada un dos valores faciais.

Contido da declaración:

- Cartóns de valor facial xx.
- Prazo: 5 días hábiles a contar dende a data na que se produciu o esgotamento

Lugar de presentación:

- Rexistros da ATRIGA.
- Rexistros da XUNTA de GALICIA



- Calquera dos lugares de presentación art. 38 Lei 30/1992.

Dirixido a:

-DEPARTAMENTO DE TRIBUTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA

8. Os suxeitos pasivos cuxo volume anual de xogo supere o millón de euros, quedarán obrigados a determinar a base imponible polo método de estimación directa. Entenderase por volume anual de xogo o resultado de multiplicar o número de cartóns subministrados a cada sala nun ano polo seu valor facial. Para o cómputo do número de cartóns tomarase o período anual que vai do 1 de novembro dun ano ata o 31 de outubro do ano seguinte.